


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

14-15 de marzo do 2026

IV DA CORESMA A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ nº 7 *Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nestes días de Coresma que nos levan á Pascua convídasenos a valorar que hai cousas na nosa vida, na vida do mundo e na vida da igrexa, que poden e queremos que cambien.

A palabra de Deus de hoxe achéganos a un cego de nacemento que cambia cando se atopa con Xesús, porque nel vai atopar a luz que precisan os seus ollos e sobre todo a luz que necesita o seu corazón.

Coma Xesús tamén nós queremos abrirlle os ollos aos que todo o ven negro, aos que non teñen ilusións, aos que se sinten sos, aos que non ven máis alá do seu. E como non hai peor cego que o que non quere ver, nós queremos ter os ollos abertos, abertos a todo o bo que hai en nós, nas nosas familias, na nosa comunidade, á nosa beira.

Así celebramos e compartimos a fe neste xornada doéndonos con todas as vidas que Trump ou Netanyahu matan. Esperamos que os soños de paz lle abran os ollos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Nestes momentos queremos abrir os ollos para facelo mellor porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida. Confiando na man de Deus e na súa misericordia, pidamos perdón polas veces que pechamos os ollos, e miramos para outro lado fuxindo das nosas responsabilidades:*

Eu confésome pecador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogues por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, de todos os pobos que están sedentos de paz, e de todas as mulleres que están fartas de violencia. A todos, o Señor, nos concede o seu perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos con todas as persoas que están cegadas pola violencia.*

(Silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, celebramos un ano máis os días de coresma coa mirada posta na Pascua do teu Fillo.

Ti que reconciliaches contigo a toda a humanidade, entregándolle ao teu propio Fillo, axúdanos a arrincar da nosa fe as cegueiras que nos impiden ver todo o que de bo hai ao noso arredor.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *A Palabra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida porque nos alonxan de Deus e dos demais.*

Alónxanos o non querer mirar por tantas e tantas persoas abandonadas na falta de paz.

Alónxanos o non querer mirar a violencia na que malviven tantas mulleres.

Alónxanos o non querer mirar todo o que de bo hai á nosa beira: familia, amigos, veciños, natureza.

Escoitemos como nos abre os ollos esta palabra de Deus de hoxe.

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Antes erades tebras pero agora sodes luz no Señor. Así que andade coma fillos da luz, (porque a luz é toda bondade, xustiza e verdade), tendo en conta o que agrada ao Señor. E non compartades as obras estériles das tebras; polo contrario, denunciádeas, que do realizado por eses tales ás agachadas dá vergonza mesmo falar. Pero todo iso, cando o delata a luz, queda ao descuberto, pois todo o que se manifesta é luz. Por iso dise:

Acorda, ti que estás a durmir,
érguete do medio dos mortos
e Cristo iluminarate.

Palabra do Señor

🎵 *nº 41 Quen nos vai separar de Ti*

SALMO

(en pé) No Lec I A páx 75 (breve) Xn 9, 1-38 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, ao pasar, Xesús viu a un cego de nacemento. Entón cuspiu na terra e fixo lama co cuspe e untouna polos ollos do cego, dicíndolle:

-Vaite lavar na piscina de Silóe (que quere dicir "enviado").

El foi, lavouse e volveu con vista. Entón os veciños e os que antes o viran andar a pedir preguntaban:

- Non é este o que estaba sentado pedindo?

Uns dicían: "éche o mesmo"; outros, "non, é un que se lle asemella"; e el dicía: "son eu".

Levaron onda os fariseos o que fora cego. (Era sábado o día que Xesús fixera lama e lle abrira os ollos). E outra vez lle preguntaban tamén os fariseos como chegara a ver. El respondeulles:

- Untoume lama polos ollos, laveime e vexo.

Algúns dos fariseos dicían: "Este home non vén de Deus, que non garda o sábado". Outros, en cambio, dicían: "¿Como ía poder un home pecador facer estes sinais?" E había división entre eles.

Entón preguntáronlle outra vez ao cego:

- A ti que che parece ese home que lles deu a vista aos teus ollos?

El contestou:

- Que é un profeta.

Respondéronlle eles:

- Ti naciches todo metido en pecados e vasnos ensinar a nós?

E botárono fóra.

Oíu Xesús que o botaran fóra, buscouno e preguntoulle:

- Cres ti no Fillo do Home?

El respondeulle:

- E quen é, Señor, para que crea nel?
Díxolle Xesús:
- Éche o mesmo que estás vendo e que está a falar contigo.
- El dixo:
- Creo, Señor.
- E prostrouse diante del.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Que nos propomos nesta Coresma con “dona coresma”?

Con ela seguimos descubrindo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

Xa lle temos arrincado a perna da tentación de ter e poder sobre os demais, a tentación do competir, xa lle temos arrincado tamén a perna do querer vivir comodamente sen implicarnos en nada, xa lle temos arrincado a perna da desgana e a apatía. Tamén xa lle temos cosido o remendo da IRMANDADE E PAZ, o remendo do ESFORZO E LOITA e o remendo do VIVIR CON GANAS.

Hoxe arrincámoslle á nosa coresma outra perna. É a perna do desprezo e a marxinación con quen pensa, vive ou reza diferente. (Arrincamos a perna da 4ª coresma).

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir (collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coresma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo no mandil da vella).

Acabamos de remendar a vida da nosa dona coresma coa actitude do AGARIMO E O RESPECTO.



Temos arrincado algo que nos sobra, a cegueira do desprezo a quen é diferente, e temos cosido un novo remendo, porque mellor irá a vida se a remendamos con AGARIMO E RESPECTO.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial achegámonos a Deus porque el faise AGARIMO E RESPECTO co seu amar de Pai, co seu corazón de Fillo, coa súa man de Espírito. Compartímolo no credo dicindo:
SI CREMOS

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai, que con misericordia nos acolle e nos perdoo, e nos axuda a arrincar o que sobra na nosa vida?

SI CREMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido, que nos convida a cambiar abrindo os ollos a todo o que de bo hai á nosa beira, fartando as sedes de paz, berrando contra Trump e Netanyahu?

SI CREMOS

Credes no Espírito Santo, que nos alenta para mirar a vida desfrutándoa cada instante, porque nela hai moito que vale a pena?

SI CREMOS

Credes na Igrexa, a comunidade que queremos vivir a PASCUA de Xesús, e por iso, como o cego de nacemento, deixamos que Xesús nos abra os ollos para acoller con AGARIMO E RESPECTO?

SI CREMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes dos desprezos e das marxinacións, necesitados dunha ollada optimista, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Dicímoslle **PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS**

Monitor/a:

✓ Pola Igrexa, por cada parroquia, por OS COTOS, por cada cristián, para que vivamos a coresma como tempo de remendar con AGARIMO E RESPECTO. Oremos

✓ Polas xentes e os pobos que o están pasando escandalosamente mal, feridos nunha violencia que nos ofende e que non podemos entender. Oremos

✓ Polas persoas que se esforzan por mellorar a vida dando unha man co AGARIMO E RESPECTO que se merecen todas as vidas. Oremos

✓ Polas mulleres, para que nos esforzos e nas loitas pola igualdade, nos sintamos todos implicados. Oremos

✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos facelo mellor para chegar á Pascua arrincando da vida os desprezos e marxinacións. Oremos

Celebrante: Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para arrincar o que está mal e así remendar para facelo mellor e chegar á Pascua. Pedímoscho por Cristo, noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *O cego de nacemento do que nos fala o evanxeo fiouse de Xesús, e achegouse a El; nós tamén. Agora, porque queremos compartir a súa Pascua achegámonos Cristo e ao seu rezar confiado:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Temos ante nós querer facer da vida un camiño escuro e pesimista no que non miramos nada máis que o que ten de malo e ruín.*

Temos ante nós querer facer da vida unha ollada optimista e agradecida con todo o que a nosa beira vale a pena, e dende logo que non é pouco.

A mellor opción é abrir os ollos e sementar soños de paz. É o que compartimos agora nun xesto acolledor.

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar nesta celebración de hoxe é vivir cos ollos ben abertos. É ilusionarnos por un mundo mellor con Xesús á nosa beira e da nosa parte. Ditosos nós por facer camiño de coresma e compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 41** *Quen nos vai separar de Ti*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante: Deus, noso Pai, ilumina o noso corazón para que os nosos pensamentos sexan axeitados, os nosos feitos merezan o teu agrado e o noso amor sexa sincero.

Axúdanos a abrir os ollos nunha ollada agradecida de AGARIMO E RESPECTO, pois hai moitas persoas que están esperando a que miremos por elas.

Pedímoscho a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás o desprezo para remendar a nosa vida con

AGARIMO E RESPECTO

(Repartimos os remendo para levalos para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)



*Que teñamos un bo día,
unha boa semana,
unha boa coresma,
e o Señor nos bendiga †,
nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar
de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz.
Dámoslle grazas a Deus*